

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

*Resolución da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se ordena o rexistro e publicación da modificación do convenio colectivo de traballo provincial de oficinas e despachos*

Vista a acta da xuntanza celebrada o día 11.04.2014 pola Comisión negociadora do Convenio colectivo provincial do sector de Oficinas e Despachos da Coruña (código 15001075011981), na que se recolle o acordo de modificar o artigo 21 do convenio colectivo para o período 2012-2014, publicado no B.O.P do 13.02.2014, de conformidade co disposto no artigo 90.º.2 e 3.º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

A Xefatura Territorial de Traballo e Benestar da Coruña

RESOLVE:

1º.- Ordenar a súa inscripción no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2º.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

A Coruña, 16 de abril de 2014

Xefa Territorial,

MARIA PILAR CARIDAD ALONSO

### ACTA DA COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO DE OFICINAS E DESPACHOS

Na Coruña, sendo o 11 de abril de 2014, reúñese a Comisión Paritaria do Convenio Colectivo de Oficinas e Despachos da Provincia da Coruña nas persoas seguintes:

Pola parte empresarial, todos eles en representación de AGS:

Isidro Pousada Vales

Blanca Lesta Castelo

Alberto Castelo Míguez

Javier Mosquera Zás

Pola Parte social:

Óscar Calvo Varela en representación da CIG

Antonio Lago Verdura, en representación de CCOO

Paula Bamonde Pardo en representación da UGT

En relación ás consultas prantexadas por varias empresas afectadas polo Convenio, en relación ao parágrafo 4º do artigo 21 do texto do convenio, as partes entenden que este parágrafo, por erro material das partes, se mantivo accidentalmente no convenio cando deberá ter sido eliminado xa no ano 2008.

No convenio 2008-2011 produciuse una reforma das categorías pasando a eliminarse os niveis salariais inferiores ao 10, unificándose todas elas salarialmente no nivel 10, e pasando esta, de denominarse "Auxiliar administrativo con máis de tres anos" á redacción actual.

Evidentemente producese un erro ao non ter eliminado o cuarto parágrafo do artigo 21, que resulta incongruente coa relación de categorías e niveis salariais.

En consecuencia esta Comisión ACORDA POR UNANIMIDADE a eliminación do citado parágrafo quedando a redacción do artigo 21 como sigue:

**Artigo 21.-Ascensos.**

Todas as empresas reguladas polo presente convenio veñen obrigadas a dispor nas súas plantillas, como mínimo, dun número de oficiais de primeira igual ao 20 por cento da plantilla total de oficiais.

A elección dos novos oficiais de primeira é facultade exclusiva do empresario. Para o seu cómputo non se terán en conta as fraccións decimais.

Os auxiliares administrativos con cinco anos de servizo nesta categoría dentro da empresa pasarán automaticamente á categoría de oficial de segunda administrativo.

Os traballadores con categoría profesional de ordenanza con cinco anos de servizo dentro da empresa pasarán automaticamente a percibir a diferencia retributiva da categoría de oficial de segunda administrativo, a partir do 1 de xaneiro do 2008.

As prazas vacantes existentes nas empresas non suxeitas a amortización deberanse inicialmente dar opción a promoción interna, esta axustarase a criterios obxectivos de mérito e capacidade, suxeitas á decisión empresarial, con consulta e información aos delegados ou representación legal dos traballadores.

As dúbidas derivadas dos reaxustes de niveis e categorías que a partir deste convenio téñanse que realizar nas empresas, deberán ser consultadas por escrito á comisión paritaria deste convenio.

En consecuencia, a comisión acorda que se comunique esta modificación como corrección de errores para ser publicado oficialmente, facultando para este trámite a D. Alberto Castelo Míguez, con DNI 32.801.827-D.

Na Coruña a 11 de abril de 2014

---

2014/4498